

**CONVENIO ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA A AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) E A ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN
TERRITORIAL MONTAÑAS DO COUREL PARA A CONCESIÓN DUNHA
SUBVENCIÓN DIRECTA PARA A DIFUSIÓN, PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DA
CANDIDATURA A XEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO MONTAÑAS DO COUREL
E DOS RECURSOS QUE FORMAN PARTE DA MESMA**

En Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María Nava Castro Domínguez, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polo artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e polo artigo 19 dos ditos estatutos.

Doutra parte, Miguel Ángel Pérez Dubois, en representación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 1, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de director xeral, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 41/2016, de 7 de abril (DOG núm. 67, do 08.04.2016), actuando en virtude do seu expresado cargo, e en virtude das facultades delegadas polo acordo da Presidencia da Agader do 11 de xullo de 2013 (DOG núm. 148, do 05.08.2013).

E doutra parte, Roberto Castro González, na súa calidade de presidente da Asociación para a promoción territorial Montañas do Courel.

As partes intervinientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental do sector público, creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro) co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Segundo o artigo 2 dos seus Estatutos, a Axencia Turismo de Galicia ten, entre os seus obxectivos básicos, o desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia baixo os principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade, seguindo parámetros de eficiencia e eficacia; así como o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial e a mellora do posicionamento do turismo galego no panorama nacional e internacional.

Segundo.- Que Agader é un ente público da Xunta de Galicia que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia. Este desenvolvemento ten como finalidade mellorar a calidade e as condicións de vida dos habitantes do medio rural, e contribuír á cohesión do territorio galego.

As funcións de Agader previstas nos seus comezos aparecen recollidas na Lei 5/2000, do 28 de decembro. Posteriormente modificáronse polo artigo 2º da Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996, e a Lei 5/2000 (DOG núm. 244, do 17 de decembro), e polo apartado dous da disposición derradeira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 250, do 30 de decembro).

De conformidade co disposto na citada Lei 5/2000, do 28 de decembro, entre as funcións da axencia están:

- Promover e incentivar a cooperación entre os axentes públicos e privados nos que as súas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.




Agader quere acometer a posta en marcha de proxectos singulares que poidan afectar a elementos do ámbito cultural e natural de Galicia, xa que as devanditas actuacións inciden tanto na preservación do valores sociais do rural e da propia relación dos seus habitantes co seu medio, como na mellora dos servizos educativos, culturais, e de ocio que farán do medio rural un lugar máis atractivo e polo tanto favorecerán a fixación da poboación no campo galego, e mesmo do tecido produtivo, ao ser estas actuacións interesantes dende o punto de vista da diversificación económica enfocada principalmente ao ámbito do turismo.

Agader pretende defender e promocionar os valores culturais e de conservación do contorno natural do pobo galego, actuando no fomento e promoción da cultura, e na protección, conservación e difusión do patrimonio natural; a cultura dende o rural e para o rural debe de ser sen dúbida un dos alicerces nos cales se deben soste as políticas de fixación de poboación durante os vindeiros anos e todo isto dentro da defensa do contorno e o respecto á biodiversidade.

Terceiro.- A Asociación para a promoción territorial Montañas do Courel, constituída polos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil, están a traballar nunha Candidatura a Xeoparque Mundial da UNESCO para as Montañas do Courel.


Segundo define a propia UNESCO, os Xeoparques son áreas xeográficas únicas e unificadas, nas que se xestionan sitios e paisaxes de importancia xeolóxica internacional, cun concepto holístico de protección, educación e desenvolvemento sostible. Un Xeoparque Mundial de la UNESCO utiliza o seu patrimonio xeolóxico, en conexión con todos os demais aspectos do patrimonio natural e cultural do territorio, para aumentar a conciencia e a comprensión das principais cuestións que enfrenta a sociedade, como o aproveitamento sostible dos recursos da Terra, a mitigación dos efectos do cambio climático e a redución do impacto dos desastres naturais. Mediante a sensibilización da importancia do patrimonio xeolóxico do territorio na historia e na sociedade actual, os Xeoparques Mundiais da UNESCO dan a poboación local un sentimento de orgullo da súa rexión e fortalecen a súa identificación co territorio. Estimulase a creación de empresas locais innovadoras, de novos traballos e cursos de formación de alta calidade, a medida que se xeran novas fontes de ingresos a través do xeoturismo, protexendo ao mesmo tempo os recursos xeolóxicos do territorio.




A candidatura a Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel é a primeira que se presenta de Galicia, e atópase nestes intres na derradeira fase dun longo proceso de tramitación: a misión de avaliación sobre o terreo de expertos da UNESCO. De superar esta fase de avaliación, Montañas do Courel converteríase no primeiro Xeoparque Galego e do noroeste de España, por iso a necesidade de apoiar as actuacións de difusión, promoción e divulgación da Candidatura a Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel e dos recursos que forman parte da mesma, como contribuír a un maior coñecemento da mesma, e a súa vez acadar unha maior sensibilidade a favor de dita candidatura.

Cuarto.- Que no proxecto obxecto de intervención desenvolverase un amplo programa de difusión, orientado á transformación da realidade social do territorio que ao tratarse dunha zona rural, coa realización do mesmo, garante que os veciños ou empresas do sector poidan ofertar os elementos patrimoniais intervidos como un centro de interese cultural e turístico.

A colaboración decídese en base a criterios obxectivos tales como a poboación beneficiaria deste tipo de infraestruturas, a singularidade e excepcionalidade do elemento a tratar, implicación por parte da entidade no desenvolvemento de actividades de difusión, remate e acondicionamento de infraestruturas existentes, necesidade da urxencia para as actuacións de conservación, dispor dos medios económicos e técnicos precisos para facer fronte ao investimento destas características.



As entidades asinantes do presente convenio son conscientes da necesidade de conservar os elementos do patrimonio cultural e natural, tanto material como inmaterial de Galicia que permitan por un lado unha adecuada oferta no ámbito do turismo rural e por outro unha axeitada conservación da contorna sociocultural do rural galego, en concreto áreas específicas como a que acontece nos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil, no cal se deben facer traballos cuxos obxectivos deben explorar, desenvolver e promover as relacións entre o seu patrimonio xeolóxico, e todos os demais aspectos patrimoniais presentes na zona.



Concorren así, aos efectos do establecido nos artigo 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da dita lei, razóns de interese

público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a Asociación a única entidade competente para a súa realización, por ser a entidade que promove a citada candidatura. Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,


CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, Agader e a Asociación para a promoción territorial Montañas do Courel para a difusión, promoción e divulgación da Candidatura a Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel e dos recursos que forman parte da mesma como elemento de interese no patrimonio cultural e natural de Galicia.


SEGUNDA.- Actuacións a realizar

O territorio, a través das actuacións da Asociación que o representa para a candidatura a Xeoparque da Unesco precisa seguir co seu proceso de promoción, difusión e divulgación da candidatura a Xeoparque Mundial da UNESCO e dos recursos que forman parte da mesma, sendo esta liña de traballo unha máis das que se debe traballar como Xeoparque Candidato.



Neste senso a proposta que se formula para esa promoción, difusión e divulgación da Candidatura e dos seus recursos, pode considerarse novidosa, xa que esta e a primeira candidatura de Galicia presentada diante a UNESCO

Para elo levaranse a cabo actuacións de:

- Edición de material promocional dos principais recursos que integran a candidatura: libros, folletos, trípticos, cartelería.....:12.000 €
 - Campaña de difusión e divulgación da candidatura no territorio: 4.000 €
 - Campaña de promoción/difusión a través de prensa, radio e internet: 2.500 €
- 



**XUNTA
DE GALICIA**



agader
AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL



- Asistencia a feiras, certames e eventos, tanto nacionais como internacionais para a promoción e difusión da Candidatura: 5.000 €
- Organización de charlas, xornadas e/ou congresos no territorio para a divulgación dos recursos que integran a candidatura: 7.500 €
- Creación de páxina web do proxecto Xeoparque Montañas do Courel: 4.000 €
- Sinalización e interpretación dos principais lugares de interese xeolóxico da candidatura: 15.000 €

TERCEIRA.- Compromisos das partes

1. A Asociación Montañas do Courel comprométese a realización de todas as actuacións sinaladas, e:

- Facer constar en toda a publicidade –principalmente audiovisual- a colaboración da Axencia Turismo de Galicia, Agader e a Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa das ditas entidades e da Xunta de Galicia, e incluírase a “Marca Turística de Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración nos que sexa posible.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia Turismo de Galicia e Agader comprométense a realización das achegas establecidas na cláusula seguinte.

CUARTA.- Financiamento

O orzamento estimado para as actuacións establecidas nas cláusulas primeira e segunda ascende a 50.000€.

A Axencia Turismo de Galicia comprométese a pagar á Asociación Montañas do Courel a cantidade de 10.000,00 €, para os traballos descritos nos parágrafos anteriores con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, código de proxecto 2015 00006.

Agader comprométese a achegar a cantidade de 10.000,00 €, para os traballos descritos nos parágrafos anteriores con cargo á aplicación orzamentaria 13-A1-712A-760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, código de proxecto 2017-00003 "ACTUACIÓNS SENLLEIRAS DE MELLORA DO PATRIMONIO RURAL".

Esta aplicación-proxecto financíase coa aplicación proxecto da DX de Desenvolvemento Rural seguinte: 13-04-712A-732.09 prox. 2015-00598.

O importe que se compromete a achegar a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural será obxecto de retención de crédito e baixa na aplicación máis arriba indicada. O citado orzamento será ampliado no orzamento da Secretaría Xeral da Presidencia, aplicación 04.10.761A.732.12 código de proxecto 2015 00635, con correlativa ampliación no orzamento da Axencia Turismo de Galicia, na aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.3, código de proxecto 2015 00006, do orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.



Ambas cantidades de 10.000,00 €, trátanse duns importes certos, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

A Asociación Montañas do Courel aportará 30.000 € para a realización dos traballos descritos nos parágrafos anteriores, mediante aportación de 10.000 € por parte de cada concello que forman parte da Asociación: Concello de Folgoso do Courel, concello de Quiroga e concello de Ribas de Sil.

QUINTA.- Subcontratación e inexistencia de relación laboral

I. Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a Asociación para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

II. A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, ou a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

SEXTA.- Compatibilidade

De conformidade co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Xustificación dos fondos, pagamento e gastos subvencionables

I. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, ante a Axencia Turismo de Galicia e conterà a seguinte documentación:

1) Memoria de actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterà:

- Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

- Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

- Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

3) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma Certificación.



XUNTA
DE GALICIA



agader
AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL



II. A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

III. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflecta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. A entidade beneficiaria quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.


IV. De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, serán subvencionables os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio. A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incurrido a entidade beneficiaria, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado desde o **1 de xaneiro de 2018**.

V. No caso de que a Asociación Montañas do Courel non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, unha vez comprobada polo persoal técnico da Axencia Turismo de Galicia e/ou Agader, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.




No caso de xustificarse unha contía inferior á prevista no orzamento estimado, e sempre que se cumpra co obxecto do presente convenio, a contía subvencionada minorarase proporcionalmente á contía xustificada.

VI. O prazo para presentar a documentación xustificativa será ata o **20 de decembro de 2018**.

OITAVA.- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados, ao abeiro do disposto no artigo 63.1.Dous do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto



deste convenio, de ata o 50% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pagamento, a Asociación deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, conforme establece o artigo 62 do citado Regulamento.

Segundo se establece no artigo 65.4.i) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedan exonerados da constitución de garantía os pagamentos a conta e/ou anticipados que no seu conxunto non superen os 18.000€.

NOVENA.- Comisión mixta de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución, así como para propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do mesmo, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada pola directora da Axencia Turismo de Galicia, polo director xeral da AGADER, e polo presidente da Asociación Montañas do Courel .

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

DÉCIMA .- Causas de resolución


Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.


As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.



Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO SEGUNDA.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.



Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1

de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMO CUARTA.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

DÉCIMO QUINTA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as realizadas a partires do 1 de xaneiro de 2018.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O director xeral da Agader



Miguel Ángel Pérez Dubois

O presidente da Asociación Montañas do Courel

Roberto Castro González

A directora de Turismo de Galicia

M^a Nava Castro Domínguez